

MEDIDAS IMPLANTADAS EN M-2 (I)

Vigo, a 03 de Xullo de 2019

No día de onte **xa vos anunciábase que agora seredes vos quenades decidades o camiño a seguir para mellorar Montaxe**. Pero, **de cara a ese referendun que faremos a pé de posto**, temos a obriga de facervos chegar todas e cada unha das medidas que se acadaron durante o mes de Xullo.

Creación de postos

- .- **2 postos na zona de Pintura**, cuxa implantación leva retraso, nos vindeiros días irase introducindo gradualmente operacións da UEP 50 e 52.
- .- **1 posto no desmontaxe de PLC**, que absorbe operacións da UEP 50 e 52
- .- **1 posto de reforzo fixo de 8 horas** por quenda, na UEP 50
- .- **1 posto polivalente na UEP 55**, que tamén absorberá operacións da UEP 53
- .- **1 posto en Mecánica da UEP 61**, que absorbe operacións neste Taller
- .- **1 posto polivalente en POST-ACOPLE (UEP 61)**, que tamén absorberá operacións de Tablillas
- .- **1 posto recuperado** na zona de cristais
- .- **1 posto de reforzo fixo de 8 horas** por quenda, na UEP 8
- .- **1 posto polivalente na UEP 9**, que tamén absorberá operacións da UEP 8
- .- **1 posto en SMON**, que tamén absorberá operacións da UEP 7. Pendente de introducirille máis operacións da UEP 7 e UEP 8.

Dende **UGT, CC.OO. e CIG** sempre defendemos que a solución de Montaxe pasaba principalmente por crear postos na Liña. **Petición Sindical que se argumentaba nas propostas que trasladaban dende os propios traballadores/as, monitores e incluso RU's**.

A día de hoxe entre todos conseguistes que a Liña conte con **5 postos de nova creación, 3 postos polivalentes, 2 postos de reforzo e 1 posto recuperado**.

Apesares diso non imos obviar que, no **mes de Xullo**, inda temos UEP's con moitos os/as **traballadores/as que continúan desempeñando postos irrealizables que precisan de axuda**. Xa sexa pola carga de traballo, xa sexa polo mal equilibrado do postos, ou polo non respecto da composición. O caso e que teñen dificultades.

Por iso, **o que levades acadado ata o de agora coas vosas reivindicacións, non pode cegarnos nin impedir ver máis alá**. **Temos que continuar acadando melloras para a M-2 e solucións para Montaxe**.



Pantallas Informativas

Instaláronse as pantallas que demandaban os/as traballadores/as para as zonas de PLC e Bandos. Nelas visualízase a produción que se leva a cabo e as perdas por tramo. A maiores están analizando a posibilidade de ampliar a información destas pantallas.

DISPLAY TALLER PLC

Producción realizada por turno
Encurso de UEP 50 (desmontaje) hasta PLC
Pulmón, con PLC hasta la UEP 55 (remontaje)



DISPLAY TALLER PDB

Producción perdida respecto a la prevista
Cada 1,017 min de perdida suma 1 pdb al contador.



Tamén se ampliou a información nas Pantallas da UEP 3 de Portas na Nave S.

Por outro lado entendemos que a información ten que ampliarse inda máis en tódalas pantallas que están distribuídas pola Liña, **incorporando os minutos consumidos de ANDON así como a perda de produción cunha antelación mínima de 20 minutos.**

Velocidade da Liña

Sendo este un dos principais problemas que padecemos os/as traballadores/as ante RU's que non poden dicirle ao seu Xefe que perderon produción, agora imos dispor dun control e seguimento público das velocidades da Liña. **Colocáranse pantallas nas que se reflexará esta información.**

Namentres, os RU's de Mantemento da M-2 terán autorización de trasladar información da velocidade da liña aos Representantes Sindicais. E **tódolos RU's disporán nos seus ordenadores de dita información, polo que estarán obrigados a ensinarlla aos/as traballadores/as que así o soliciten.**

Por parte de **UGT, CC.OO. e CIG** tamén queremos dispor de dita información nos nosos sistemas informáticos para poder realizar un seguimento, incluso sen estar presente na Liña.

